

Rogelio López Cuenca (Nerja, 1959)

Dunha clara intención política, o seu traballo defínese por un hábil manexo das linguaxes do mundo contemporáneo e a apropiación e relectura de imaxes cotiás ou procedentes dos medios de comunicación masivos, a través dos cales efectúa unha análise da construción da identidade e a produción de ideoloxía; unha aceda crítica, que non deixa por iso de ser sutilmente irónica e poética, combinando estratexias narrativas propias tanto da literatura como das artes plásticas e da publicidade comercial.

Realizou intervencións en espazos públicos de numerosas cidades de Europa e América e participou nas Bienais de Arte Contemporánea de Johannesburgo (1994), Manifesta 1 en Rotterdam (1996), Lima (2002), São Paulo (2002) e Istanbul (2003).

www.malagana.com